

BASES V CERTAME Coreografíate

I. ORGANIZACIÓN

O Certame Coreografíate da AS-PG é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega.

As coreografías gañadoras daranse a coñecer no enderezo <http://bitaculas.as-pg.gal>

II. TEMÁTICA

As coreografías deberán ser realizadas tomando como base un tema musical en galego do xénero que sexa. No vídeo enviado deberá constar o título e o grupo creador dese tema.

III. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Prazo: os vídeos deberán ser recepcionados na AS-PG antes das 14 horas do 14 de novembro de 2025.
3. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras na categoría Xeral. Na categoría Centros de Ensino, o número máximo será de seis obras por centro educativo.
4. O material enviado ao inscribirse non será devolto.
5. Os vídeos participantes poderán ser difundidos a través da páxina web da AS-PG e das súas redes sociais.
6. As gravacións nas que aparezan menores de idade, terán que ir acompañadas do permiso dos e das responsables legais de ditas persoas menores de idade.
7. As coreografías deben ser grupais, entendendo como grupo, máis de tres persoas.
8. Aqueles vídeos con pezas musicais instrumentais serán descalificados.

IV. CATEGORÍAS

1. Categoría xeral Mellor Coreografía.
2. Categoría Mellor Coreografía Centros de Ensino.

V. PREMIOS

1. CATEGORÍA XERAL

- Premio á Mellor Coreografía dotado de 300€ e Diploma.

2. CATEGORÍA CENTROS DE ENSINO

INFANTIL

- 1º Premio, dotado cun lote de Cds, 150€ e Diploma.
- 2º Premio, dotado cun lote de Cds, 75€ e Diploma

PRIMARIA

- 1º Premio, dotado cun lote de Cds, 150€ e Diploma.
- 2º Premio, dotado cun lote de Cds, 75€ e Diploma.

SECUNDARIA E BACHARELATO

- 1º Premio, dotado cun lote de Cds, 150€ e Diploma.
- 2º Premio, dotado cun lote de Cds, 75€ e Diploma

VI. INSCRIPCIÓN

A formalización da inscrición e envío do vídeo para o concurso por parte dos centros realizarase antes do día 14 de novembro de 2025 respondendo a este formulario: <https://forms.gle/Tv3hjweHXsHkYvhw5>

VII. XURADO

A AS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado que designará os traballos gañadores.

Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación. O ditame do xurado é inapelable.

IX. RESPONSABILIDADE

A persoa representante da coreografía será a única responsable legal da mesma.

A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.



ORGANIZA



COLABORA



Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña